



OS ALIMENTOS TRANSXÉNICOS A DEBATE. MÉRCORES 18 DE NOVEMBRO ÁS 20H NO TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

Como remate ao CICLO DE CONFERENCIAS organizado pola APDR sobre temas medioambientais, o vindeiro mércores acometeremos un debate sobre os distintos aspectos dos alimentos modificados xeneticamente, os chamados “transxénicos”. Pretendemos na APDR aportar argumentos, nun debate que agardamos sosegado e rigoroso, sobre esta materia hoxe en día no punto de mira da sociedade e dun xeito particular do movemento ecoloxista.

E contamos para elo con dous extraordinarios expertos na materia.

XAVIER SIMÓN FERNÁNDEZ

Doutor en Economía. Profesor do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo, na que desenvolve a súa actividade investigadora no eido da economía ecolóxica, e da agroecoloxía e na análise dos indicadores de sustentabilidade. Ademais, o Dr. Simón é membro da Plataforma Galega Antitransxénicos, que axita por una Galiza libre de alimentos modificados xeneticamente.

DANIEL RAMÓN VIDAL

Doutor en Ciencias Biolóxicas e especialista en Bioloxía Molecular, foi Catedrático de Tecnoloxía dos Alimentos na Universitat de València. É Profesor de Investigación no Instituto de Agroquímica e Tecnoloxía de Alimentos (IATA) do CSIC, e exerce, na actualidade como Director Científico da empresa biotecnolóxica “Biópolis SL”, participada, entre outros organismos, polo CSIC. Autor de numerosos traballos científicos, é un referente no eido da enxeñería xenética e a biotecnoloxía.

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asdo.: Antón Masa